

PRAIA, MONTAÑA OU PLUMA?

"Son indisciplinada"

11.08.2010 Anxos Sumai prepara unha novela de viaxes e sinala como principal defecto do verán as altas temperaturas

ADRIÁN GONDAR . SANTIAGO

Para Anxos Sumai o verán non é sinónimo de vacacións dende hai uns cantos anos, pero resúltalle entrañable aínda que non ature a calor. A escritora de Catoira aproveita estes días para ver series de televisión e escribir un diario-novela de viaxes inspirado na súa travesía pola Patagonia chilena.

Verán de pracer ou de traballo?

Hai anos que non teño vacacións nos veráns, aínda que iso non quita que non goce destes días, sobre todo cando vai caendo o Sol.

Cales son os seus plans?

Normalmente collo as vacacións a finais do inverno ou principios de primavera, polo que ata daquela terei que traballar.

Vese practicando o Xacobeo?

Practicalo tal como é concibido non. Si me gustaría facer o Camiño, porque me gusta camiñar, pero non por unha cuestión relixiosa, senón porque me gusta descubrir as sorpresas que che dá, cando xiras nunha revolta e te atopas nunha paisaxe distinta.

Ten algún proxecto en mente para a próxima temporada?

Estou traballando nun libro de viaxes. Na última viaxe que fixen, pola provincia de Última Esperanza na Patagonia chilena, escribín un diario de viaxe para publicalo agora. Non se tratará dunha guía de viaxes, senón dun diario-novela. Está bastante avanzado pero aínda hai moito que traballar nel.

Que lle gusta máis do verán?

Pódoche dicir o que máis odio, que é a calor, pero posiblemente unha das cousas que máis me gustan é que os días son máis longos, pasear...

Para vostede o verán ten algo de especial?

Como non o asocio ás vacacións dende hai moito tempo, o que lembro é cando era pequena, acababan as clases e podíamos ir á praia, ou máis ben ó río. É unha época bonita porque me reencontro cos amigos que están fóra, que volven para pasar as vacacións aquí, e nese sentido si que me resulta entrañable.

Pasa o verán cun libro, co iPod, un DVD...?

Como me gustan moito as series e non as podo ver habitualmente, agora descárgoas, e estou lendo un libro regalado, unha selección de artigos magníficos da revista *Rolling Stone*, ademais de ler cousas doutros viaxeiros.

A literatura para un escritor é ó tempo profesión e hobby?

Durante moito tempo non quería velo dunha forma profesional, pero agora si que me gustaría poder vivir de escribir. Nos últimos anos decateime de que lle teño que dedicar moitas horas ó traballo que me dá de comer, que me gusta moito pero que me quita moito tempo para escribir.

O escritor sempre ten un libro baixo o brazo?

No meu caso sempre estou rodeada de libros. Non hai momento do día en que non acabe abrindo un libro pola razón que sexa, para gozalo, informarme, aprender un pouco máis... Para min é algo cotián.

Se puidese escoller calquera persoa, con quen lle gustaría compartir un espazo virtual?

Como estou lendo un libro do primeiro viaxeiro que fixo unha viaxe en globo sobre Tierra de Fuego e a Patagonia - Gunter Plüschow-, lugares que me encantan, compartiríao con este aviador para que me explicara qué sentiu cando viu as montañas dende arriba.

Como é o primeiro día de escritura tras a temporada de vacacións? Custa arrincar?

Eu non paso tempadas longas sen escribir, aínda que non escriba unha historia en concreto nin teña unha obra determinada na mente si estou escribindo, tomando notas, é un proceso que non é soamente o acto físico de coller o teclado ou un bolígrafo, senón que tamén lle estás dando voltas na cabeza. Eu son unha persoa moi indisciplinada, e poñerme na dinámica de sentar é unha cuestión de disciplina, porque escribir narrativa implica disciplina e unha determinada cantidade de horas ó día para non perder o fío do relato.

O PERFIL

Nome: Anxos Sumai

Lugar de nacemento: Catoira

Año de nacemento: 1962

Obras: *Anxos da garda* (2003), *Melodía de días usados* (2005), *Así nacen as baleas* (2007) e *Perigosamente normais* (2008).

Premios: II Premio de Narrativa Breve Repsol YPF e Premio Arcebispo San Clemente por *Así nacen as baleas*.

Ademais: Traballa no Consello da Cultura Galega, foi considerada a mellor autora do 2006 pola Asociación de Editores en Lingua Galega, é documentalista e tradutora e colaborou en distintos medios de comunicación.

OTTO/AGN